

Cristianismo na Gallaecia, s. IV

Francisco Carballo
Historiador. Ex reitor do Teologado dos
Padres Paules en Salamanca



Representación do Congreso de Nicea

Este Simposio Prisciliano pretende dar a coñecer a Gallaecia do s. IV, cando o cristianismo iniciaba a súa presenza. A historia do cristianismo galaico, s. IV, é difícil. Thompson afirma: “Hoxe por hoxe é imposíbel elaborar, por falta de datos, unha historia da Igrexa hispana dos ss. IV-V”.

I

De feito os historiadores que redactaron os dous volumes referentes á Galiza “Historia de la diócesis españolas”, vols. 14 e 15, omiten toda mención do s. IV. Os arqueólogos conseguiron até hoxe escasos resultados. Óscar Núñez e Milagros Nieto atrevéronse cunha síntese interesante. A. Rodríguez Resino, López Quiroga, Rodríguez Colmenero etc. facilitan datos significativos a sistematizaren. Nas historias xerais da Igrexa, a Gallaecia do s. IV aparece só á sombra de Prisciliano.

É posíbel avanzar un tanto desde a arqueoloxía, desde referencias anteriores ou posteriores e desde a análise dos Opúsculos de Prisciliano, do Itinerario de Exeria, dos concilios de Iliberis, 302, Zaragoza, 380 e Toledo, 400, así como desde a Crónica de Idacio de Chaves e dalgunha aseveración de Paulo Orosio.

A primeira pregunta a nos facer é: que cristianismo se ofrece aos galaicos no s. IV? Sen dúbida, o que predominaba no Imperio Romano, especialmente no Occidental (a África Romana, a Galia e Italia). Das igrexas extraimperiais non parece que houbera comunicacións.

O cristianismo do Imperio Romano saía dunha persecución que pretendía erradicalo, 303-313. Diocleciano buscaba a unidade relixiosa do Imperio: a relixión tradicional máis o cultos de Mitra no exército. No 297 comezou a persecución dos maniqueos; no 303 da tres edictos contra o cristianismo. No 305 dimite. O cristianismo cura as feridas. No 313 os emperadores Constantino e Licinio emiten o decreto de liberdade relixiosa para os cristiáns en paridade coa relixión oficial do Imperio; decretan a devolución dos bens confiscados aos cristiáns.

Así, a Igrexa cristiá acepta e é aceptada polo Imperio; comeza a obter privilexios, v.g. a lei do 318 recoñece aos bispos seren xuíces; no 319, bispos e clérigos son liberados de cargos e de cargas públicas; no 321 decláran o “descanso dominical” nun día de culto para os cristiáns; varias leis dos anos 380, 381 e 392 proscriben os

cultos pagáns e oficializan o cristianismo como a relixión do Imperio.

Que parámetros encadran este cristianismo do s. IV, relixión privilexiada e, ao final de século, oficial do Imperio? Enumero catro: as relacións Igrexa-Estado, Igrexa-paganismo, evolución doutrinal e administración territorial.

No primeiro caso, temos un drama a desenvolver no s. IV e nos seguintes até a formación da Cristiandade occidental ou as formas cesaropapistas do I. Bizantino.

As relacións Igrexa-paganismo estiveron en constante reformulación: convivencia pacífica (con Constantino e Xuliano), de subordinación do paganismo (con Constancio que extremou a persecución da maxia negra e da adiviñación, e con Valentiniano I), de discriminación do paganismo (por Graciano e Teodosio), e de proscrición do paganismo (por Teodosio, Honorio e os emperadores do I. Oriental). A isto uniuse certa intolerancia popular, v.g. en Exipto onde acadou a morte a filósofa Hipatia, 415.

A evolución doutrinal foi un feito de inculturación e de diálogo coa filosofía grecorromana. O grande debate que enche todo o século, 325-381, é o cristológico. Desde unha dupla instancia, levouse a cabo unha inculturación do cristianismo co helenismo: desde a Biblia coa relixión e coa filosofía oficiais e desde o cristianismo popular coa teúrxia, gnosticismo etc. Os cristiáns centralizaban a súa fe en Cristo. Referencialo produciu dúas formulacións: unha aceptada polo concilio de Nicea, 325, outra, iniciada polo presbítero Arrio, púxose a andar tras diversas modulacións. A palabra significativa dos nicenos foi a que definía a Xesús Cristo como “homoousios” (consustancial) a Deus Pai. A arriana definíao como “homoiousios” (semellante) ao Deus Pai. A opción nicena logrou prevalecer grazas aos Santos Padres -Basilio, Gregorio de Nisa, Gregorio Nacianceno etc- e aos fieis. Unha esquerda antioquena insistira na realidade humana de Xesús fronte á dereita alexan-

drina de máis acento nunha absorción do humano pola presenza divina. Os priscilianistas galegos están na órbita alexandrina.

A Igrexa do s.IV adopta territorialidade e formas de administración na “cuadrícula” do Imperio nos concilios de Arlés, 314, en Nicea, 325, e en Constantinopla, 321. A dirección verticalízase: laicos e cregos. En todo caso, o que mantén a valoración positiva do cristianismo ante aquela sociedade é a preocupación dos cristiáns polos pobres, os escravos, os enfermos e os perseguidos. A Igrexa tecera unha rede de axuda para todos os necesitados.

Esta Igrexa configurouse na confrontación coa realidade, coa vida cotiá. Neste empeño, produciuse un conflito de longa duración que afectou os cristiáns común e polarizouse no donatismo, no priscilianismo e no pelaxianismo. Había un ideal como o formulara a Epístola a Diogneto, s. II: “os cristiáns non son diferentes dos demais homes, nin polo país, nin pola lingua, nin polos costumes. Seguen os usos locais no vestido, nas comidas e noutras ordes da vida. Cada un vive no seu país, mais como se non fosen cidadáns desta patria.” Ao saíren do grupo reducido, víronse inmersos naquela vida cotiá preñada de teúrxia, convencionalismo, violencia. Uns querían unha Igrexa “separada” de todo contaxio, os do común negociaban o comportamento social. Nisto xóga-se o cristián a súa espiritualidade: o reino de Deus debería realizarse no Imperio cristián. O monaquismo pasa a dar o modelo substitutivo do martirio. Os Santos Padres “fixeron útil unha teoloxía sistemática en diálogo coa filosofía antiga e para a comprensión da Biblia e ao servizo das comunidades” (C. Marksches, XVIII).

II

O CRISTIANISMO NA GALLAECIA. Había cristiáns na Gallaecia no s. III como acredita a correspondencia con San Cibrán, a mediados do III-do 252 ao 255. Este escribe aos fieis das igrexas de Mérida e León e dá a entender



A muralla de Lugo data da época romana, comezando coa súa construción probablemente contra o ano 260, ao medrar a importancia de Lucus Augusti como centro de comunicacións e comercial do norte peninsular. A devandita construción delongouse ata a época de Constantino, rematando sobre o ano 325. Esta muralla da conta do esplendor da Galiza romana do século III e IV

a existencia de comunidades na Lusitania e na Gallaecia. En León residía a “Legio Septima Gemina”, posíbel orixe da comunidade cristiá

Podemos aceptar unha evanxelización da Gallaecia por soldados e por comerciantes, desde a costa e polas calzadas romanas. De León a Astorga e a Braga. A presenza de evanxelizadores itinerantes debeu existir coma en todo o Imperio. Ían de cidade en cidade e destas aos núcleos semiurbanos, eses aglomerados secundarios dos que fala F.P. Losada, logo até as vilas, castros e outros “vici”.

Nas cidades sentarán bispos no s. IV, en Astorga, Braga, Lugo, as tres capitais dos conventos xurídicos. Desde cada un destes centros, o cristianismo expándese na Gallaecia de maneira que, á fin deste século, xa existen máis dunha ducia de bispos que presiden comunidades en cidades e aglomerados secundarios.

En Iliberis, 302, no concilio ao que asistiron 18 bispos e 24 presbíteros, consta a presenza de Decentius episcopus legionensis, máis un presbítero; en Arlés, 314, hai un representante de Gallaecia; en Sárdica, 344, a de Novaciano de Astorga; en Zaragoza, 380, de Simposio de Astorga; en Toledo cítanse varios bispos da Gallaecia, entre eles de Simposio que confesa: “Illud quod alios per diversas ecclesias ordinassent- el e máis Dictinio- quibus deerant sacerdotes, habentes hanc fiduciam, quod cum ilis prope modum totius Galliciae sentiret plebium multitud. Ex quibus ordinatus

est Paternus Bracarenis ecclesiae episcopus”(J. Vives, Concilios visigóticos e hispano-romanos, 1963,p.31)

Simposio e o seu fillo Dictinio, bispo sucesor, influídos polo priscilianismo, ordenaron bispos á petición das comunidades de Gallaecia. Simposio explicou ao concilio que grazas a San Ambrosio abandonar o culto martirial a Prisciliano e Latroniano, mentres que Paterno acepta ser favorábel aos priscilianistas, mais que renunciara a isto pola presión popular e que aceptaba as condicións do concilio para seguir como bispo de Braga. Temos, logo, unha dupla orientación cristiá: a oficial e a dos seguidores de Prisciliano.

Que procedencia social corresponde a este bispos? Non a sabemos. A hipótese de estaren antes á fronte de “trebas ou “civitates” é gratuita. Coñecemos bispos do IV e do V que non asinaban senón polo seu diácono e que non pertencían ao sector alfabetizado - un terzo, parece, do Imperio. Exeria insiste nos eloxios aos bispos de orixe no ascetismo. Todo induce a crer que os bispos galaicos do s. IV non tiñan relacións notábeis co poder civil.

Probas arqueolóxicas da dispersión deste cristianismo existen, mais até agora poucas. Núñez-Cabada enumeran do primeiro terzo do s. IV os sarcófagos de San Xusto de la Vega (Astorga) e de Sta. María de Temes (Carballedo-Lugo), os restos de Falperra (Braga) e de Marialba (León). Temos restos funerais e cultuais en cidades como Lugo e Braga. A explo-

ración arqueolóxica en curso, de sur a norte e de este a oeste, está a avanzar. Pode que puidemos garantir a existencia de comunidades cristiás grazas aos xacementos de Compostela, Moraima, A Lanzada, Bares, Xinzo de Limia, Bande, Verín, Castellós etc (Cadro dos aglomerados secundarios de FR.P. Losada en Resino, p.161).

Co apoio de documentos do s. V que nos aportan datos dos bispos de Chaves, Celenis, Lugo, etc. (de principios do V), atrevémonos a apostar por unha Gallaecia asturicense, bracarense e lucense con comunidades cristiás na segunda metade do s. IV, tanto en cidades como en aglomerados secundarios e en entidades menores.

O século IV é o do crecemento masivo do cristianismo. Tal vez debido á organización territorial que remitía aos bispos a evanxelización do territorio. Estes contaban coa posta imperial e coa cooperación social. Non coñecemos as estratexias misionais; os concilios insistían na responsabilidade dos propietarios cristiás de latifundios cos seus empregados, familia e escravos.

O espertar cultural das comunidades cristiás, ao comezo do s. V, obriga a supor un forte medre de comunidades na Gallaecia do século anterior. Prisciliano e o seu grupo, na segunda metade dese século, foron o gran impulso evanxelizador. Á morte de Prisciliano, ao revisar a súa causa tanto a Igrexa como o Imperio, os bispos Ambrosio de Milán Siricio de Roma, Martiño de Tours negaron a comunión aos acusadores e o Goberno imperial desterrounos; Itacio e mesmo Higinio foron a desterros de rigor. Nas posteriores acusacións conciliares contra os priscilianistas, estes alegaban que nada debía afectar “aquele bendito e inocente profeta” cuxo culto continuou por anos.

RELACIÓNS CO PAGANISMO. Non temos datos de enfrontamento do cristianismo co paganismo na Gallaecia. Non houbo mártires aquí en ningunha das persecucións, indicio da



Stonehenge é un monumento neolítico e da idade de bronce situado preto de Amesbury en Wiltshire, Inglaterra. Cando se estendeu o cristianismo por Europa tivo que axeitarse a un conxunto de crenzas previas moi arraigadas desde tempo inmemorial

pouca relevancia social do cristianismo. Non había razóns para reaccionar violentamente contra unha sociedade pagá que estaba a acoller, no s. IV, ao cristianismo. Mais o paganismo seguía vivo como acreditan os cultos nos santuarios pagáns, v.g o do monte do Facho, O Morrazo, Leis como as do 346 de peche dalgúns templos e contra o maleficio e a adiviñación puideron favorecer as conversións. No 399, en carta a Macrobio, vigairo da “Dioecesis hispaniarum”, díselle: “Sicut sacrificium prohibimus, ita volumus ornamenta servari” (Núñez-Cabada, p.138).

A arqueoloxía funeraria non nos achega datos, nin mínimos, para unha estatística do número de cristiás. Si hai indicios de pertenza á cristiás dalgunhas sepulturas que demostrarían a existencia dun cristianismo incipiente. Os sarcófagos de Temes e de San Xusto teñen referencias aos Evanxeos. O crismón de Quiroga contén un poema a prol da pobreza: “Aurum vile tibi sit”.

Digamos que o cristianismo se estendeu na Gallaecia en diálogo cos galaicorromanos nun ambiente de substitución e de apropiación de lugares e formas relixiosas existentes no país. San Valerio do Bierzo, s. VII, lamenta a non destrución de altares pagáns. Nos ss. VI-VII mantíñanse lugares, obxectos etc. que evocaban o paganismo, mais xa baixo a titularidade cristiá.

CORPO E SOCIEDADE. Se ben na Gallaecia puidera penetrar todo tipo de movementos relixiosos, maniqueos,

donatistas, arrianos e semiarrianos, en xeral prevaleceu o cristianismo establecido antes de Nicea que aceptou os concilios de Nicea e Constantinopla. Os bispos Simposio, Dictinio e Paterno non tiveron problemas de cristoloxía, senón de culto martirial a Prisciliano e socios e de certas prácticas instrumentais do culto ou das asembleas.

Como se traducía na liturxia o pensamento que contén os Opúsculos de Prisciliano, os de Instancio ou o dos discípulos dese grupo? Imposíbel coñecelo. A predicación priscilianista que utilizaba o Credo común- matizaba os contidos sobre todo éticos. Era moi creativa en cantos, uso de apócrifos e de actas dos mártires. Iso e a penetración no rural -onde non había posibilidade de reunión da comunidade en domicilios como non fose nas “vilas”- caracterizaba o priscilianismo. Hai nos Opúsculos un esforzo de comunicación coa cultura popular e pola lectura bíblica. Vendíanse, daquela, os libros do Novo Testamento por separado - as biblias eran custosas. As comunidades cristiás da antigüidade -e así mesmo as priscilianistas- intentaban acercar os fieis á lectura dos libros sagrados.

Imos facer un intento de contraste entre as comunidades cristiás comúns e as priscilianistas. Segundo H. Chadwick (Prisciliano mde Avila, 1978, 91 e ss.) os “90 canons”, que asina Peregrinus, reflicten Os Opúsculos de Prisciliano. O “Apologeticus” a presentar a San Dámaso, ademais de reter o texto do Credo apostólico, insiste na do-

Sarcófago paleocristiano



utrina común cristiá. Nos tres casos, estamos ante literatura apoloxética. Expresan, igualmente, unha situación inicial das comunidades. Exeria deixa entender a súa fame de madurez comunitaria, dunha liturxia solemne da que se carecía aquí.

Un cruce das declaracións priscilianistas cos canons conciliares de Zaragoza e Toledo visibilizan os matices das dúas pastorais. Na literatura priscilianista temos:

Un claro dualismo: Deus *versus* mundo (canons 2 a 6) onde os anxos e os demos xogan un importante papel na cosmovisión cristiá do s. IV. Móvense nun espazo cultural da gnose popular. Insisten na fe nun Deus creador e superior. Aquelas comunidades populares utilizaban numerosos obxectos sagrados -en paralelismo cos amuletos pagáns- textos de oracións, da Biblia, simbólicos, etc.

Unha decisiva centralidade de Xesús Cristo, “redentor, a quen os Apóstolos chaman Deus”: Christus Deus, di Prisciliano; “Deus in carne, passus, in carne, homo hominum. Deus noster Iesús”, di Exeria. Subliñan os “Canons” a unicidade de Deus e, secundariamente, os nomes de Pai, Fillo e Espírito Santo: A unidade do Pai no Fillo e do Fillo no Pai significa un só Deus, transcendente e imanente, que envolve e penetra-circunfusos et infusus in omnia, invisíbel no Pai e visíbel no Fillo, e “unitus in opus duorum” no Espírito Santo (Chadwick, 125). Prisciliano repite, ás veces, formulacións de San Hilario, mais con outro aroma, o do gnosticismo cristián e o de certo “alexandrinismo”. Con Atanasio podía aceptar: Pai e Fillo son a mesma visión e dous os ollos.

Igualmente, rexeita o arrianismo, mais sen transmitir a terminoloxía nicena. Hai, na súa cristoloxía, un arrendo a posicións de Gregorio de Iliberis-bispo en sintonía con Lucifer de Cagliari e con Filón de Libia, todos estes intransixentes a toda negociación cos arrianos, ao contrario de Osio de Córdoba, sempre á procura de transaccións posíbeis. Os escritos

priscilianistas móvense nunha liña teolóxica versátil.

En troca, a fórmula de fe do concilio de Toledo aprópiase do Credo niceno-constantinopolitano: Cremon nun só Deus verdadeiro, Pai, Fillo e Espírito Santo. O Pai non é o mesmo que o Fillo; o Fillo é “genitos”; o espírito Santo procede do Pai e do Fillo.

O mestre, o evanxelizador, sexan como o Apóstolo, di Prisciliano: “Todo para todos”. Pídelle que sexan célibes. Esta confianza nos ascetas predicadores era a de San Agostiño quen, ao se converter á fe católica, abandonou o matrimonio polo celibato. Para San Ambrosio, o asceta era coma un anxo, garantía a salvación. Había en todos a “democracia da vergoña sexual”, di P. Brown. Os concilios reforzaron o valor do matrimonio como creador de familia.

Os priscilianistas daban importancia e obrigatoriedade á introdución de cantos e himnos nas celebracións. Ao mesmo tempo, Ambrosio adoptaba a himnoloxía en Milán. É unha forma de enraizar o cristianismo popular. Así se decide en grande medida o construto de crenzas cristiás. Os priscilianistas enriqueceron a liturxia cristiá. O concilio de Toledo, canon XII, di: Se algún crese que deben ter autoridade e seren venerados outros libros, ademais dos que ten recibido a Igrexa católica, sexa excluído.

O credo priscilianista confesa a resurrección, xuízo, ceo e inferno de acordo co Credo xeral da Igrexa daquel tempo.


Hai outros aspectos pastorais brillantes nos Opúsculos de Prisciliano: a defensa da liberación dos escravos. O seu contemporáneo Xoán Crisóstomo afirmaba que ter escravos era impropio dos cristiás. O cristianismo era defensor de bo trato aos escravos,

mais, en xeral, non se opuxo á escravitude, só amosou “un paternalismo de amor” (E. Troeltsch). Prisciliano avoga pola igualdade de sexos e pola intervención da muller nas comunidades. Así foi a práctica nos ss. I-II. Logo non se mantivo esa orientación de Xesús.

Os movementos ascéticos primitivos reivindicaban a continencia, eran antialcohólicos e vexetarianos. Así, Prisciliano prohibía as bebidas alcohólicas e prefería o vexetarianismo. Mentres que o canon XVII do concilio de Toledo distingue: “Se alguén dixere ou cre que non só debemos abstermos das carnes das aves e do gando, que nos foron dadas para o noso sustento, senón que debemos execralas, sexa excluído.”

Brevemente: Vemos nos primeiros priscilianistas unha dogmática común, con matices paranicenos, e con fórmulas propias de sabor “orixenista” e de San Hilario de Poitiers. Uso da alegoría, dos simbolismo numérico e de simbólica animalística. A diferenza entre os priscilianistas e o común cristián daquela época estaba máis na pastoral de certo rigorismo que na dogmática. Coincían no culto aos mártires. Os priscilianistas loan o monaquismo, non así o concilio de Zaragoza que excomunga ao presbítero que se faga monxe. A opción monacal foi unhas das tensións daquela Igrexa, xunto coas ministeriais e matrimoniais.

No s. IV, os bispos, presbíteros e diáconos forman un trío de reserva do ministerio sacro; á beira están as viúvas e as virxes, logo os laicos. O “clero” foi recoñecido como “corporación” polo Goberno imperial, 320. Comezouse a datar por vida do bispo nas cidades episcopais, 399. Así, configurouse un estamento acaparador de ministerios e creceu o número de clérigos.



Representacións de Martinho de Dume e Martiño de Tours

Na Gallaecia, a estrutura eclesial era menos definida. En Roma, no s. IV, segundo Eusebio de Cesarea, “o bispo presidía unha comunidade na que había 46 presbíteros, sete diáconos, sete subdiáconos, 42 acólitos, 52 exorcistas, lectores e vixiantes, máis 1500 viúvas e outros necesitados a alimentar”. Así o comunicaba o bispo Cornelio ao obispo Fabio de Alexandría (Eusebio mde Cesarea, Historia da Igrexa, VI, 43, 11). Cálculos hai, segundo os que Roma tiña uns 700.000 habitantes, dos que eran cristiáns uns 7.000.

A Igrexa galaica afrontou unha nova situación, no s. V co reino suevo, e fíxoo sen perigo. Mantivo un notábel esplendor na primeira metade dese século. Da Gallaecia suevogalaica temos unha liturxia que perdurou durante a Alta Idade Media: templos en honor de María, dos mártires da Igrexa oriental, de África e de Roma. En suma, un culto martirial moi estendido. Había, igualmente, nesa Igrexa, un monaquismo desde Baquiario, Martiño de Dume, Frutuoso até Rosendo de Celanova.

A contribución da Igrexa do s. IV é indiscutíbel, aínda que escasamente documentada. Núñez-Cabada afirman, na p. 190: “Parece claro que a adaptación dunhas crenzas foráneas -o cristianismo- a un espazo con características específicas, ten como lóxica consecuencia que aquelas non presenten respostas para todos os ámbitos da expresión relixiosa, senón que tiñan de adoptar as xa existentes. A manifestación material disto témolo en determinados achados arqueolóxicos,

como en certos epígrafes ou incluso necrópoles, nas que se manifesta un ton neutro que non advirte expresamente sobre un uso pagán ou cristián. Este feito pon de manifesto a difusa liña que separa ambos mundos”.

Se isto acontecía nas manifestacións materiais, pasaba tamén na vida cotiá: había cristiáns de bautismo e eucaristía, habíaos de penitencia e habíaos semicristiáns que se bautizaba antes de morrer, etc. A nova afluencia de persoas á Igrexa facíaa máis plural: uns, como os priscilianistas, exixían unha grande renovación moral; outros transixían. Así eran as comunidades coñecidas no Imperio: das galaicas só temos indicios de parecido comportamento.

Como conclusión, propoño dúas hipóteses:

Na Gallaecia do s. IV temos unha Igrexa en crecemento extensivo e intensivo. Unha igrexa creativa que apostou maiormente por unha inculturación propia que se mantivo, nalgúns aspectos, até o s. XVI. Baquiario é o primeiro monxe coñecido, Exeria ou monxa ou simpatizante. Deles procede un monaquismo propio, unha liturxia -a bracarense- común na Gallaecia até o s. XI. O priscilianismo foi un aguillón na cristianización e un transmisor de proxectos que a xerarquía domesticou.

O episcopalismo tan desigual, no Imperio romano do IV, só na Gallaecia suevogalaica adoptou alianzas políticas. Desde ese momento, hai dúas formas eclesiais -a episcopal e a mo-

nacal- que conviven fraternalmente daquela e na Alta Idade Media. San Rosasendo sintetizou a dupla configuración cristiá: un monaquismo educador, ao estilo basiliano, moi diferente do monacato beneditino e do paconiano. O noso evanxelizaba o pobo rural con quen mantiña relacións laborais, sociais e relixiosas. Á vez, un episcopado administrador de distritos e parroquias, mais sempre no ollo dos reis e dos poderes feudais.

A Gallaecia cristiá do s. IV é o antecedente do que procede a Igrexa galaica actual.

INDICACIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvaro Rodríguez Resino, Do Imperio Romano a Alta Idade Media, Noia, 2005
- Antonio López Ferreiro, Estudios Histórico-críticos, Santiago, 1878.
- Arnaldo Momigliano, El conflicto entre el paganismo y el cristianismo en el. IV, Madrid, 1989.
- Christoph Marksches, Estructura del cristianismo antiguo, Madrid, 2001.
- Escribano, Victoria, El priscilianismo y la Gallaecia (ss. IV y V, en “Las religiones en la Historia de Galicia, 251-294”) Santiago, 1996.
- Henri Chadwick, Prisciliano de Ávila, Madrid, 1977.
- Henri Marrou, Nouvelle Histoire de L'Eglise t. I, Paris, 1963.
- J.R.Palanque-G. Bardy-P. de Labriolle, La Iglesia del Imperio, en A. Fliche e V. Martin, Historia de la Iglesia, t.III, Valencia, 1977
- Óscar Núñez García, Milagros Cavada Nieto, El nacimiento del cristianismo en Gallaecia, 2003.
- J.E. López Pereira, O primeiro espetar cultural de Galicia, Santiago, 1989.
- P. Avelino de Jesús de Costa, O bispo don Pedro, Braga, 1997.
- Meter Browun, Cuerpo y sociedad, Barcelona, 1993.
- Xosé Chao Rego, Remexer Roma con Santiago, Vigo, 2004.
- Prisciliano, profeta contra o poder, Vigo, 1999 ■